



CONCELLO DE REDONDELA

R^a.: medioambiente/xrml

Esta Alcaldía, no exercicio da competencia sinalada no apartado e) do art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, apartado f) do art. 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e art. 55 RDLex. 781/1986, do 18 d abril, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, ven en dictar o seguinte:

Bando

Obrigas dos propietarios de fincas en relación coa prevención de situacións de risco de incendio no Concello de Redondela.

As especiais características do noso territorio, unidas ás frecuentes previsións de seca, fan necesario que as Administracións Públicas implicadas debamos asumir, coa debida dilixencia e coordinación, as competencias atribuídas pola normativa vixente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Neste sentido a normativa aprobada pola Xunta de Galicia establece con claridade a ineludible **obriga de todos os propietarios de manter as súas propiedades nas debidas condicións**, evitando crear situacións de risco que afecten aos bens e ás persoas situados nas propiedades próximas.

En concreto **deberán deixalos libres de masa vexetal que poida incendiarse ou transmitir o lume e proceder á tala das árbores consideradas de risco** (eucaliptos e piñeiros) situadas na proximidade das vivendas nunha franxa de seguridade suficiente para evitar que a súa caída ou incendio afecte ás propiedades colindantes.

Por medio do presente advírtese aos veciños e veciñas do noso Concello que, nos casos nos que sexa necesario para garantir o cumprimento de ditas medidas e protexer a seguridade de todos, imporanse as multas legalmente previstas, nunha contía que pode acadar entre 300 e 6.000 euros, e que poden ser reiteradas ata que se execute completamente o requirido polo Concello.

Redondela, 13 de xullo de 2011.

O Alcalde

Javier Bas Corugeira

